



¿CALES SON AS MATERIAS QUE SE DEBEN IMPARTIR EN LINGUA GALEGA?

As materias que se deben impartir en lingua galega en cada unha das etapas educativas especificanse no Decreto 247/95 (DOG do 15 de setembro) que regula a utilización da lingua galega no ensino. Este decreto desenvolve os aspectos lingüísticos regulados no Estatuto de Autonomía e na Lei de Normalización Lingüística, co obxectivo explícito de conseguir que os alumnos e as alumnas acaden unha boa competencia nas dúas linguas oficiais.

Dise que unha persoa ten competencia nunha lingua cando posúe estas catro capacidades: comprender / falar / ler / escribir. Estas capacidades só se adquiren mediante a súa práctica en diferentes situacións comunicativas.

De acordo con isto, o Decreto fixa as materias que, como mínimo, deben ser impartidas en galego. Sobre as restantes, deixa liberdade para que cada centro decida cales se impartirán tamén en galego, na liña de conseguir un equilibrio no uso das dúas linguas oficiais.

¿CALES SON ESAS MATERIAS NA E.S.O?

Nos catro niveis da ESO, as materias que, como mínimo, se deben impartir utilizando o galego como lingua vehicular son estas:

- Ciencias Sociais (Xeografía e Historia)
- Ciencias da Natureza
- Ciencias Medioambientais e da Saúde
- A optativa ofertada polo centro

¿CALES SON ESAS MATERIAS NO BACHARELATO?

En canto aos cursos de Bacharelato, as materias que, como mínimo, se deben impartir en galego son estas:

1º CURSO:

- Filosofía
- Bioloxía e Xeoloxía (no de Ciencias da Natureza e da Saúde)
- Historia do Mundo Contemporáneo (no de Humanidades e CC. Sociais)
- Ética e Filosofía do Dereito, Introdución ás Ciencias Políticas e Socioloxía e Hª e Xeografía de Galicia (se se escollen como optativas).

2º CURSO:

- Historia
- Ciencias da Terra e Medioambientais, Debuxo Técnico (no de Ciencias da Natureza e da Saúde)
- Xeografía, Historia da Arte, Historia da Filosofía (no de Humanidades e CC. Sociais)